

ESCRITO DE CORRECCIÓN DE ERRORES

Se informa que en la convocatoria de contratación 2023/CP/013 publicada el día 15/02/2023 en el Tablón de anuncios de la UDC para la contratación de un Ayudante de Apoyo a la Investigación a cargo de los proyectos WATERUN (GA 101060922) y Co-UDlabs (GA 101008626) la descripción de la MEMORIA DE LA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN de la oferta publicada en gallego es incorrecta, ya que corresponde con la de otra plaza.

VERSIÓN PUBLICADA INCORRECTA

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN TAREFAS A REALIZAR

As tarefas que deberá desenvolver o beneficiario deste contrato de investigación, dentro do proxecto WATERUN, da convocatoria HORIZONTE EUROPA, serán as descritas a continuación:

(1) COLABORACIÓN NO DESEÑO DUN PROTOCOLO DE VIXILANCIA: Identificación dos requirimentos de caracterización das instalacións piloto no caso de estudo na cidade de Santiago de Compostela a escala de conca urbana e área aportante, que permita traballar posteriormente nas fases de detección, modelado e mitigación da contaminación difusa, utilizando ferramentas de tipo SIG.

(2) APOIO NO DESENVOLVEMENTO DE CAMPAÑAS DE CAMPO: Levar a cabo campañas de campo holísticas para a vixilancia da contaminación difusa na área de estudo, e na avaliación do funcionamento e rendementos das técnicas SUDS piloto.

(3) IMPLEMENTACIÓN DE SENSORES AVANZADOS PARA A ANÁLISE DE HIDROCARBUROS AROMÁTICOS POLICÍCLICOS (PAH) E MICROPLÁSTICOS: testeo de equipos de monitorización, implementación e interpretación de resultados obtidos da vixilancia in-situ.

(4) Ademais outras actividades xerais vinculadas á investigación como: apoio ao mantemento de seccións de control en fluxos de auga, manipulación e transporte de mostras de auga contaminada, elaboración e mantemento de bases de datos, elaboración de informes de resultados do proxecto, participación en reunións de carácter internacional (en inglés), difusión de resultados.

CRITERIOS DE SELECCIÓN (70 PUNTOS)

BLOQUE 1: Experiencia previa (máximo 55 puntos)

- Titulación de acceso e expediente académico. Valoraranse as titulacións no ámbito ambiental e de desenvolvemento sostible, sobre todo vinculados á enxeñería civil e á enxeñería agrónoma (máximo 30 puntos).
- Experiencia acreditada nos labores de investigación relacionadas coas tarefas especificadas nesta memoria (máximo 10 puntos, 5 puntos por ano acreditado segundo grao de afinidade ás tarefas)
- Publicacións científicas no ámbito da drenaxe urbana e contaminación difusa (1 punto por congreso internacional, 3 puntos por artigo indexado en WoS (Web of Science) segundo o grao de afinidade coas tarefas, 1 punto por artigo noutro tipo de revistas científicas, máximo 5 puntos)
- Formación específica acreditada en inglés: nivel B2 ou equivalente (5 puntos), nivel C1 ou superior (10 puntos).

BLOQUE 2: Entrevista persoal (máximo 15 puntos)

- Os 3 candidatos con maior puntuación no Bloque 1 terán unha entrevista persoal que poderá realizarse en inglés (máximo 15 puntos).

A convocatoria poderá ser declarada deserta se os aspirantes non acadan unha puntuación mínima de 30 puntos nos criterios de selección detallados no Bloque 1.

Documentación a presentar

1. Fotocopia do documento de identidade
2. Fotocopia do título académico
3. Curriculum vitae que inclúa un breve resumo e unha descrición dos méritos adaptados aos criterios de selección.
4. Certificación académica de títulos (por exemplo, licenciatura, máster)
5. Acreditación dos méritos alegados (copias simples dos contratos, ligazóns a publicacións e calquera outra documentación que sustente os méritos a valorar)

SE ADJUNTA LA VERSIÓN CORRECTA A CONTINUACIÓN.

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN TAREFAS A REALIZAR

As tarefas a realizar polo beneficiario/a do presente contrato de investigación, dentro do proxecto WATERUN da convocatoria HORIZONTE EUROPA, e do proxecto Co-UDlabs da convocatoria HORIZON 2020, serán as descritas a continuación:

Código Seguro De Verificación	0FgwQM6x5bhLEiBmw7qcRA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Juan Joaquín Suárez López	Asinado	28/02/2023 13:54:00
	José Anta Álvarez	Asinado	28/02/2023 13:53:00
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0FgwQM6x5bhLEiBmw7qcRA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



(1) Apoio no desenvolvemento de campañas de campo e ensaios de laboratorio:

1.1.- Levar a cabo campañas de campo holísticas para a monitorización da contaminación difusa na área de estudo, e na avaliación do funcionamento e rendementos das técnicas SUDS piloto.

1.2.- Monitorización de parámetros hidrolóxicos e de contaminación en ensaios piloto configurados no CITEEC e en EDAR BENS.

1.3.- Realización de analíticas no Laboratorio da ETS de Camiños de Enxeñaría Ambiental para a caracterización de augas de escorrentía (técnicas estándar parámetros de contaminación convencionais). Realización de granulometrías de sedimentos mediante tamices e mediante granulómetro láser. Mantemento e organización do Laboratorio da ETS de Camiños. Elaboración dos informes de xustificación de actividades.

1.4.- Calibración e programación de equipos (sondas de nivel, caudalímetros, sondas de monitorización en continuo de parámetros de calidade, etc.) tanto en laboratorio como en seccións de control en unidades piloto.

(2) Ademais, outras actividades xerais vencelladas á investigación como: manipulación e transporte de mostras de auga, elaboración e mantemento de bases de datos, elaboración de informes de resultados, e participación en reunións de equipo.

CRITERIOS DE SELECCIÓN (85 PUNTOS)

BLOQUE 1: Experiencia previa (máximo 70 puntos)

- Titulado en FPPII. Ciclo superior. Preferentemente título “Laboratorio de Análise e Calidade de Augas”. Valoraranse outras titulacións afíns (máximo 30 puntos).
- Valorarase preferente a experiencia na realización de determinacións analíticas de augas residuais e de escorrentía (5 puntos por cada ano, máximo 15 puntos)
- Experiencia en traballo de campo e ensaios físicos piloto de laboratorio, con manexo de instrumentación (tomamostras automáticos, caudalímetros, pluviómetros, sensores nivel, etc.) (5 puntos por cada ano, máximo 15 puntos).
- Formación complementaria no ámbito do posto de traballo: cursos de formación en PRL, cursos en determinacións analíticas, cursos SIX, bases de datos, programas estadísticos, etc. (0.5 puntos/10 horas, máximo 10 puntos).

BLOQUE 2: Entrevista persoal (máximo 15 puntos)

- Os 3 candidatos con maior puntuación no Bloque 1 realizarán unha entrevista persoal que poderá desenvolverse en inglés (máximo 15 puntos).

A convocatoria poderá declararse deserta si os/as candidatos/as non alcanzan unha puntuación mínima de 40 puntos nos criterios de selección do Bloque 1

Documentación a presentar

1. Fotocopia do documento de identidade
2. Currículo vitae que inclúa una reseña breve e unha descripción dos méritos adaptada ao criterio de selección
3. Fotocopia dos títulos académicos vencellados a convocatoria
4. Certificación académica dos títulos.
5. Xustificantes dos méritos alegados (copias simples de contratos, enlaces a publicacións, e calquera outra documentación que avale os méritos a valorar)

Los Investigadores principales de los proyectos

Joaquín Suárez López

Jose Anta Álvarez

Código Seguro De Verificación	0FgwQM6x5bhLEiBmw7qcRA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Juan Joaquín Suárez López		Asinado	28/02/2023 13:54:00
	José Anta Álvarez		Asinado	28/02/2023 13:53:00
Observacións			Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0FgwQM6x5bhLEiBmw7qcRA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015)			

